

ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA

A Nación Galega é o ser común de todas as galegas e galegos, a existencia colectiva como pobo, un conxunto de sentimentos, lembranzas e aspiracións colectivas. A Nación amósase nunha serie de atributos substantivos que a definen e identifican como realidade socio-política obxectiva:

- *A posesión dunha lingua de seu*
- *A existencia dun territorio ben delimitado e diferenciado*
- *Un dereito civil galego*
- *O desenvolvemento dunha cultura autóctona.*

Mais non é isto só. Nada sería sen o necesario grao de consciencia e vontade de tal identidade na consciencia social do pobo, para non se converter nunha realidade inerte, senón nun ente colectivo dotado dunha dinámica de autoafirmación nacional.

A Nación galega durante unha longa xeira histórica dotouse a si mesma de institucións políticas e ordenamentos xurídicos propios, dos que logo foi desposuída, e desde o século XIX percorre un proceso de progresiva autoafirmación e autoorganización en constante avance a través dun movemento político que desde 1918 (Asemblea Nacionalista de Lugo, 17-18 de novembro) se expresa en coordenadas nacionalistas:

"Tendo Galiza todas as características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba "rexionalismo" non recolle todas as aspiracións nin encerra a intensidade dos nosos problemas."

A existencia do pobo galego, vai máis aló dunha expresión folclórica, é unha fonte de dereitos políticos e ten que ser un punto de referencia para as institucións do propio país e un espazo de decisión política propia. Por isto queremos aumentar o autogoberno do pobo galego, para se auto-responsabilizar, para desenvolver as nosas potencialidades e para ter dereito ao presente e ao futuro.

Os galegos e galegas, en tanto que cidadáns e como debedores dunha longa tradición de autoafirmación, arelamos unha consideración do noso país consonte á das outras comunidades históricas. Somos unha nación e queremos que así se recoñeza.

*O primeiro fito tivo lugar durante a Segunda República (1931-36). Daquela o **Partido Galeguista** de Castelao e Bóveda (entre outros moitos), despois de loitar infructuosamente en solitario pola conquista do Estatuto de autonomía no marco republicano para Galiza en 1935 dá un salto cualitativo que permite que en xuño de 1936 se aprobe o citado texto en referendo.*

Estamos a falar do pacto coa esquerda republicana con base nos seguintes principios básicos:

- *Dignificación da vida política*
- *Republicanización de Galiza*
- *Autodeterminación de Galiza*
- *Defensa dos intereses galegos*
- *Manutención do espírito constitucional*

Se non se tivese actuado con semellante intelixencia e determinación, non se explicaría a transversalidade dos apoios suscitados en torno ao autogoberno da Galiza que fixo que de cada trece persoas dez desen a súa aprobación ao Estatuto do 36.

O franquismo puxo fin ao proceso de afirmación nacional aberto en 1931 coa República, frustrando a chegada ao goberno galego do Partido Galeguista. Porén, os anos da longa noite de pedra non deron calado as voces que defendían a identidade nacional galega e a mediados dos anos sesenta unha nova xeración retoma esa reivindicación en coordenadas progresistas.

Grazas á aprobación do 1º estatuto de autonomía e pola vontade decidida dos galegos/as, Galiza acadou na Constitución de 1978, ao igual que Cataluña e País Vasco, o status de “Nacionalidade histórica” termo co que implicitamente se reconece o noso carácter nacional.

*O segundo fito está por vir e sitúase no momento presente de cara ao proceso de **Reforma do actual Estatuto de autonomía** galego. Galiza precisa dese novo Estatuto de autonomía. Con intelixencia e ilusión todos os galegos e galegas no actual momento histórico, igual que fomos capaces de construír unha alternativa de goberno progresista, daremos un paso máis procurando que, no Novo Estatuto, Galiza sexa recoñecida como Nación superando a denominación constitucional.*

O recoñecemento de Galiza como nación é unha constante na liña política do nacionalismo dende a súa fundación, pasando pola declaración de Barcelona ou as Bases do Novo Estatuto. Tamén outras forzas recoñecen igualmente este status, tal como se constata nas “Bases para a Reforma do Estatuto de Autonomía de Galiza” elaboradas pola Fundación Inicativas 21 (Outubro de 2004) e que na Base 1.3 di expresamente:

“O presente Estatuto de Autonomía de Galicia é a norma que garante a singularidade de Galicia como nación (...)”

Da interacción destes elementos, ten que se derivar a conquista deste compromiso histórico, situando a cada quen na súa responsabilidade co país e desta maneira facer partícipe desta vontade á maioría da sociedade galega, tal como quixo o movemento nacionalista desde o seu limiar e tal como conseguiron os galeguistas durante a República a respecto da conquista inicial do autogoberno. O cambio político galego ten que se materializar nun cambio de status, o noso goberno progresista non pode actuar nas mesmas coordenadas que o anterior.

Alcanzar este obxectivo é fulcral para Galiza no século XXI nun mundo cada vez máis interdependente. Neste momento temos que decidir se queremos proxectar unha nación moderna, progresista e orgullosa de selo.

O Novo Estatuto debe comprometerse máis coa lingua nacional da Galiza. Non abonda coa simple declaración formal de o galego ser “a lingua propia da Galiza” senón que cómpre dar un paso máis no seu recoñecemento.

Perante este reto, o nacionalismo galego non pode renunciar á reivindicación democrática do recoñecemento nacional da Galiza, porque un paso atrás, agora, suporía perder un espazo de difícil recuperación no futuro para Galiza. Galiza non é máis, pero tampouco pode ser menos. É a nosa responsabilidade e diso depende o noso futuro.